

Membros de Capitán Gosende dedicamos o 18 de xullo a rozar e balizar o depósito arqueolóxico dos Castelos, no monte de Pedre. Identificado hai uns corenta anos, perdéranse as referencias do seu pa-

radoiro. O 3 de marzo redescubrímolo felizmente. Con el as estacións petroglíficas de Cerdedo ascenden a 20. Xunto co da Laxa do Almaque e o do Outeiro do Mestre, forma a tríade excepcional da

arte rupestre cerdedense. Capitán Gosende chama aos comeneiros de Pedre a resolver as deficiencias que o poden poñer en perigo e ofrécelles desinteresada colaboración para preservalo e divulgarlo.

CALROS SOLLÁ ■ Cerdedo

Anxo e Hadrián Torres, Manuel Fortes, João Bieites e quen escribe, membros do colectivo Capitán Gosende de Cerdedo, dedicamos a xornada do mércores, 18 de xullo, na roza e balizamento do depósito arqueolóxico dos Castelos, situado no monte da parroquia de Pedre, a un quilómetro e medio da aldea, cara ao sueste (uns 700 m, en liña recta), e a 525 m de altitude (coordenadas: 42° 31' 24" N / 8° 25' 44" W).

Os motivos abstractos do gravado rupestre dos Castelos, duns 4.000 anos de antigüidade (Idade do Bronce), riscáronse na parte superior dun afloramento granítico de feitura arredondada (pedra de gran groso). O conxunto, luído pola erosión, componse de oito ou nove coviñas, arrodoadas por cinco círculos concéntricos; amais, intúense dúas ou tres liñas radiais, a semellanza do petróglifo do monte Tetón (Tebra-Tomiño). O círculo exterior atinxe un diámetro de 1'64 m.

O petróglifo xa fora identificado hai uns corenta anos, mais, dende aquelas, e aínda pendente de catalogación, perdéranse as referencias do seu paradoiro.

O 3 de marzo do presente ano –véxase Faro de Vigo, 21-3-2012–, afanados na descuberta e rexistro do patrimonio arqueolóxico cerdedense, redescubrimos, felizmente, o gravado prehistórico.

Segundo lemos na “Carta arqueolóxica do concello de Cerdedo” (2009), no municipio inventariáronse 19 estacións petroglíficas das cales 3 permanecen, polo momento, llocalizadas. Coa descuberta do petróglifo dos Castelos, a listaxe provisional ascende, gozosamente, a 20.

A día de hoxe e á espera de novos achados, o petróglifo dos Castelos (Pedre) canda o petróglifo da Laxa do Almaque (Chamadoira-Cerdedo) e o petróglifo do Outeiro do Mestre (Deán-Figueiroa) configuran a tríade excepcional da arte rupestre cerdedense.

Ningún dos tres sitios arqueolóxicos foi merecente da consideración BIC (Ben de Interese Cultural), malia que atesouren os valores históricos, artísticos, tipolóxicos e identitarios requiridos para tal fin. De todos os xeitos, debo recoñecer que non fío moito nas denominadas “figuras de protección”, pois o petróglifo Laxe da Veiga da Pedra (Tomonde), que si goza da devandita distinción, foi

Capitán Gosende limpa e baliza o petróglifo dos Castelos

Este e os petróglifos da Laxa do Almanaque e do Outeiro do Mestre forman a tríade excepcional da arte rupestre cerdedense



Os membros de Capitán Gosende que limparon e balizaron o petróglifo, o mércores, xunto ao xácigo.

vulnerado e esmorece, afastado da vista da xente, no interior dun galiñeiro.

Escuso dicir que todas tres gravuras rupestres teñen por denominador común atopárense en terreo montuoso de difícil acceso, arrodoadas dunha mesta matogueira, susceptíbel de ser pasto do lume, e carentes de toda sinalización e promoción por parte da autoridade competente.

Voltando ao gravado rupestre dos Castelos, o agrupamento de coviñas ou cazoletas e os cinco círculos concéntricos que as acoutan, labrados no lombo da pe-

na, son, probabelmente, unha representación do tránsito solar, é dicir, un calendario, unha carta astronómica. Dende Os Castelos, cara ao sueste, despois do lugar da vexetación alóctona, avistaríase o monte do Seixo (o Outeiro do Coto, a 5'5 km en liña recta), xa que logo, o abreinte. Cara ao poñente, a panorámica e, así mesmo, privilexiada.

O druída, o inspirado e selleiro artífice do gravado, aquel que no seo da tribo tiña a encomenda de estudar o comportamento dos astros en beneficio dunha economía agropecuaria,



Realizaron un calco do gravado para perpetuar a súa existencia.

non só elixiu o lugar pola súa preeminencia orográfica, senón que o marco ambiental dos Castelos, hoxe como hai catro milenios, reúne as condicións necesarias para ser escolleito como santuario.

O topónimo “Castelos” denomina un aliñamento circular de afloramentos rochosos de magnitudes diversas. Cara ao leste, érguense dúas torres de pedra, colosais, sobranceiras, ateigadas de pías de gran tamaño que lles outorgan un aspecto ameado, xustificación do chamadei-

ro. O santuario, duns 50 m de diámetro, péchase con outros tres elementos pétreos de menor tamaño, orientados cara aos outros tres puntos cardinais. O centro do escenario, o ónfalo, ocúpao o bolo granítico no que se debuxou o conxunto de “cups and rings”. Aínda que na actualidade, a meirande parte do espazo sagro está cuberto polo mato –toxos, fundamentalmente–, obsérvase sen dificultade que se dispón integramente encol dun laxedo.

A localización do gravado

rupestre dos Castelos non foi tarefa doada. Na actualidade, o xácigo atópase no seo dunha mesta repoboación de piñeiro, propiedade da Comunidade de Montes de Pedre. A este respecto, cómpre dicir que o estado e ordenamento do plantío son, a todas luces, moi mellorábeis. As árbores medran sen apenas espazo vital, o solo está cuberto dunha grosa capa de restoballo formada pola acumulación de frouma seca e nas pistas de acceso, as arroiadas cavarón fondas gabias. Unha densa toxeira arrodoadora o piñeiral. En resumo, o monte de Pedre é unha polvoreira á espera de pirómano.

As inconveniencias do basto arborado, que fará impracticábeis as tarefas de extinción en caso de incendio, súmanse á recente e anárquica apertura de devasas, efectuadas apachocando a materia vexetal co empre-

Capitán Gosende ofrece colaboración desinteresada aos comeneiros de Pedre

go de maquinaria pesada. Un dos supostos “cortalumes” abriuse a escasos metros do depósito arqueolóxico, polo que, de novo, doe afirmar que a protección do noso patrimonio está nas mans da fortuna ou do acaso.

Ten 4.000 anos

O colectivo Capitán Gosende fai un chamamento aos comeneiros de Pedre para que, canto antes poidan, resolvan de xeito satisfactorio estas deficiencias, respectando a contorna dos Castelos e, de xeito especial, o fermoso petróglifo, presente no territorio dende hai 4.000 anos. Para os labores de preservación e divulgación que estimen oportunos, o colectivo Capitán Gosende ofrécelles a súa desinteresada colaboración.

Sendo conscientes do labor erosivo do lume –inimigo cerval da arte rupestre–, a xeira do mércores investiuse na limpeza da área inmediata ao petróglifo –a outros dáselles por decimar carballos–. Na medida en que se puido, retirouse o toxo, a herba e mais o brión secos, elementos propagadores das lapas. Prevendo e previndo os futuros traballos forestais e os labores vencellados coa desaconsellábel construción do AVE por Cerdedo, deslindouse a zona con fita de balizar e, así mesmo, realizouse un calco do gravado coa finalidade de difundir e perpetuar a súa valiosa existencia. Seguiremos informando.